

A Coruña, a 19 de febreiro de 2016

A Federación de Ensino de CCOO, STEG, ANPE, UGT e CSI-CSIF queremos poñer en coñecemento da Xefatura Territorial o uso fraudulento que o Presidente da Xunta de Persoal Docente de A Coruña fixo do órgano que preside.

No mes de xaneiro o Presidente da Xunta de Persoal (representante de CIG) solicitou á Administración os datos relativos ás xubilacións producidas na provincia de A Coruña ata o 31 de marzo de 2016. Enténdese que o cargo institucional que ocupa obrigábo a trasladar esta información ao resto das Organizacións Sindicais con representación neste órgano de representación unitaria (CCOO, STEG; ANPE, UGT e CSI-CSIF) cousa que non fixo.

O día 27 de xaneiro estaba convocada unha reunión da Comisión Permanente da Xunta de Persoal na que estamos representadas as organizacións sindicais. O citado Presidente adía esta reunión por motivos persoais.

Sorprendentemente, o día 2 de febreiro a CIG ten colgada na súa páxina web a listaxe das xubilacións e xa antes do 2 de febreiro nos chegaron noticias dende os centros de que está circulando a citada listaxe.

Denunciamos e lamentamos que un cargo institucional faga un uso partidario a conciencia da representación que ostenta.

Por este motivo demandamos que dende este momento toda a información que se nos facilite dende a Xefatura Territorial sexa remitida en tempo e forma a todas as organizacións sindicais que conformamos a Xunta de Persoal Docente de A Coruña.



REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DA CORUÑA
A CORUÑA

Data 19/02/2016 09:36:00

ENTRADA 24665 / RX 426366



XEFE TERRITORIAL DE A CORUÑA.

Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e O.U.

Edificio Administrativo Monelos. Rúa Vicente Ferrer, nº 2.

15008 - A Coruña.